



“PLAN DE CONTINXENCIA CEE SANTA MARÍA”

O Plan de Continxencia do CEE Santa María ten por finalidade establecer os proceso para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña cese da actividade presencial nunha aula, nunha etapa ou en todo o centro.



ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ DUN ABROCHO

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en situación de illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

2. Diante dunha persoa que desenvolva síntomas compatibles con Covid-19 no centro educativo seguirase o protocolo de actuación previamente establecido:

- Colocaráselle unha máscara cirúrxica, levaráselle á sala de Covid destinada ao efecto ata a recollida por parte da familia. Esta sala disporá de adecuada ventilación, xel hidroalcohólico, batas desbotables, termómetro e papeleira con tapa de pedal. Será necesario contactar coa persoa responsable do manexo da Covid -19 no centro educativo e cos familiares ou titores legais.

- A persoa que acompañe ao caso sospeitoso deberá levar o material de protección adecuado:

- Máscara cirúrxica, se a persoa con síntomas a leva.
- De forma excepcional e no caso específico de que o alumno ou alumna teña unha exención para o uso da máscara por xustificación médica, a persoa acompañante usará unha máscara FFP2 sen válvula (KN95) , ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable. Na eventualidade de que non houbese dispoñibilidade de máscaras KN95, poderá utilizarse unha máscara cirúrxica xunto coa obrigatoriedade da utilización da pantalla.

Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatible coa Covid-19, os restantes casos agardarán acompañados por algunha persoa traballadora do centro nun lugar cuberto exterior ao edificio ou noutro lugar interior coa ventilación axeitada.

A persoa que utilice a FFP2 deberá estar formado na utilización dos equipos de protección individual e no seu refugallo.

O centro contará cun stock deste material para as situacións na que se requira para a atención dun caso sospeitoso.

3. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O traballador ou traballadora que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido/a por máscara e logo seguirá as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.



4. No suposto da aparición dun caso, no centro educativo tanto sexa de alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na Covid-19, a petición dos servizos de saúde a través de EduCovid, incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado ou afectada relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.

5. A familia dun neno ou unha nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade dun test diagnóstico.

6. Tras a aparición dun caso diagnosticado da Covid-19 seguiranse as recomendacións da CSC e, no caso de gromos, da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que no centro teña que estar illada unha parte do mesmo, aula ou grupo de aulas mantendo o funcionamento do resto de forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo.

7. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo Covid do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

8. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade.

9. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación e un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito.

10. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no protocolo xeral da Consellería, na resolución que se dite aos efectos do Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario para o curso 2021-2022 así como para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022 para o desenvolvemento do ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da Covid-19, relativas ao ensino a distancia.



ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

11. O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través das ferramentas institucionais tales como a aula virtual do centro, WEBEX. O profesorado realizará o seguemento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de forma virtual a través dos contidos dispoñibles, ben achegados polo profesorado ou ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o persoal docente poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma. Nos casos que non sexa posible a utilización de medios telemáticos usaranse materias elaborados polo profesorado segundo o establecido nas distintas programacións, nas que se terán en conta estas situacións.

12. O equipo Covid indentificará oa alumnado que teña dificultades de conexión ou falla de equipamento para que a Consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades do educación realizada polos medios telemáticos.

13. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión

14. Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previsto as seguintes medidas:

- Manter contacto co alumnado e as súas familias, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde e emocional como para continuar o ensino de forma non presencial. As titorías e a xefatura do departamento de orientación manterán contacto coas familias e alumnado.

- Trasladar a Administración a necesidade de medios para a continuación do ensino de forma non presencial.

- Xestión da cesión do material informático que se poida necesitar e xestión da entrega do material preciso para cada alumno ou alumna.

- Actualización da aula virtual, se é o caso e os recursos usados para o mantemento da atención educativa, segundo as distintas programacións e a normativa establecida.

- Realizar tarefas de limpeza e desinfección no centro.

- Revisar os distintos protocolos e a súa aplicación.

- Coordinar, xunto co departamento de orientación, a atención ao alumnado e ás súas familias.

Terase en conta que o alumnado terá os mesmos dereitos e obrigas que no caso do



ensino presencial e no caso de ensino virtual deberá de gardar as normas establecidas de orde e comportamento.

As familias e o alumnado comprometeranse a un uso axeitado dos materiais e recursos postos á súa disposición e a devolución en perfecto estado do equipamento cedido.

MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase unha planificación do retorno da actividade presencial seguindo as indicacións das autoridades sanitarias e educativas e as normas ditadas ao efecto no seu momento.

Documento elaborado polo equipo Covid do CEE Santa María

Documento presentado ao Claustro de mestres o día 2 de setembro

Documento presentado ao Consello Escolar o día 7 de setembro

Documento aprobado polo director do centro o día 7 de setembro